

PENSAR A METÁFORA

*non podería precisar se busco a definición canónica da metáfora
ou se xa aquí, neste fragmento, reflexiono ou non sobre a metáfora
sobre un novo concepto de metáfora que non acepto, non podo aceptar
a respecto da linguaxe poética*

Eis a lei secreta da poesía, a reflexión máis difícil que se debe facer o poeta. A metáfora, para alén dunha figura estilística, comporta o enigma dunha lingua que se subverte e reconcentra, a alteración abstracta dos cauces normais para ser expresión do pensamento puro sen trabas de ningunha clase. Mais, é traballo do autor, previo á escrita, definir qué metáfora quere facer súa. Non se furtan a estas meditacións os versos que Chus Pato reúne en *A ponte das poldras*¹. Neles a metáfora convive cunha presenza constante do biográfico, coa voz do pasado que nos fala, co camiño e o río como símbolos arquetípicos do transcorrer vital

*O camiño é tempo
remata coa extinción, da vida, das palabras
Cruzar ese río é un acto de fe, en ti, no mundo
na existencia do mundo
e tamén saber, Sabedoría
cada paso é comezo, unha luz
única.*

A experiencia é a única forma de "habitar o pensamento" útil para desentrañar os enigmas que nos rodean. Pero o pensamento necesita sobre todo das palabras para ser transmitido, daí que a palabra non teña só unha dimensión sonora ou mental como signo lingüístico senón que sexa alicerce de realidades como a patria, a nación ou medio de independencia. Pensando sobre a lingua estamos reflexionando sobre a forma de liberar o que esta lingua representa e une: o pobo que a fala.

Pero as palabras, igual que a voz poética, deben soportar agresións externas a elas. O inverno, o frío, o recordo do mar, agreden a un ser desvalido que se

¹ Noitarenga, Santiago, 1996

autoimpón, fronte a eles, "*Resistencia/ ao igual que resisten as palabras*". O poder máximo destas reside tamén no grao de ritualización que acadan algunhas expresións. Catártica é a súa pronuncia, un xeito máis de resistencia semellante ó do xinete que se sostén no lombo indómito da poldra.

fragmentos de Ingeborg

a canción que se pronuncia

¿quen pronunciaba a canción, sen comprender

as palabras, o significado?

marco nesa lingua que descoñezo a pulsión

-quero ser xinete

A escrita confórmase tamén como herdo, forza telúrica transmitida por toda unha estirpe de mulleres que van marcando o camiño do eu poético canto ás súas relacións coa palabra. Estas mulleres ligan a terra coa lingua, a posesión da terra coa pervivencia da palabra e transmiten ambos legados desde tempos inmemoriais

escrita

(cando a fala era creación)

creación das avoas

das trinta xeracións de nais que me precederon e falan en galego

das trinta ou máis xeracións de nais que me precederon e falan

[nunha lingua

extinta da que conservo ecos na memoria

e daquelas, sen nome, erguendo a fala entre os seus cabelos

E así, asumindo o legado, a voz poética declara a súa intención con estes versos: "*Ao igual que todas as mulleres que me precederon e que encetaron o seu canto nas/ vendimas ou nas segas, (...) eu, a primeira entre todas elas que non sei cavar, nin segar, nin / vendimar, quixera comunicar lingua, creación, praxe lingüística: ESCRITA*". Pero a palabra poética non é plácida, lineal, senón que atinxe unha violencia desbocada, que vai mesmo contra o eu que nos fala. Forzar a lingua ata o límite como a poldra esixe toda a forza dos seus músculos no galope e atopar neste esforzo a metáfora

levar o corazón a punto extenuado, case morto
e baleirar os pulmóns
na explosión do verso
única definición que eu podo aceptar como metáfora

Porque, ó cabo, a verdadeira proba de fogo da metáfora, da lingua, do poema é a súa resistencia perante as agresións do tempo. Eis a autenticidade dos versos, a súa axilidade para obrigar ó lector a subir á póla máis alta e ver desde alí a terra que se espreguiza ó sol.

o único importante é a Resistencia
o tempo que un texto pode soportar
a rima
esfarelándose
graos de arroz, pétalas, mínimas
intúes unha esquío, e a esquío áxil, tan áxil
na póla máis alta do carballo ou serpe embobada polo sol

Engado nas palabras que fan existir todo o que nos rodea, coa súa resistencia de buxo e un atractivo de níscalo. Pensar, pois, na metáfora é conservar intacto o poder de loita e o desexo de liberdade, os legados e o futuro, o que somos e o que podemos dar.

Polas flores
pola resistencia das flores
ti ofrecerasme un buxo
eu dareiche un níscalo
branco
mariño

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 762, 23-1-1997, p. 20